



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Economía española e mundial

Materia	Economía: Economía española e mundial			
Código	O04G020V01201			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición				
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Rodríguez Méndez, Miguel Enrique			
Profesorado	Lago Peñas, Santiago Rodríguez Méndez, Miguel Enrique Vaquero García, Alberto Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	miguel.r@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Economía Mundial e Española é unha materia básica que se imparte no segundo semestre do primeiro curso do Grao de Administración e Dirección de Empresas. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales 50 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presenciais.			

Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento da Economía Aplicada, comenzando pola análise da Economía Mundial e Española. Trátase de que comprenda o funcionamento e estrutura da Economía Mundial e Española, facendo fincapé, por unha banda, nas diferencias entre Países Desenvolvidos e Países en vías de Desenvolvemento, e por outra banda, na estrutura económica de España. Organízase en Actividades Básicas (AB) e Actividades Complementarias (AC), de carácter Teórico (T) e Práctico (P), que levan asociadas tanto traballo presencial como persoal.

Competencias

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C2	Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía
C16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
D1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial
D5	Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española.	C2

Acceder ás fontes estatísticas da Economía Mundial e de España.	B1	C16	
Sintetizar a información estatística en Indicadores Económicos relevantes.	B1 B13 B14	C2 C16	
Consultar directamente as referencias bibliográficas.		C16	
Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións.	B1	C16	D1
Redacción e síntese dos resultados anteriores.	B1 B2 B5		
Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistras.	B2 B5 B8 B9		
Revisar con certa periodicidade a evolución dos resultados acadados.			D1 D5
Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa para o traballo.			D1 D5
Motivación pola calidade e mellora continua.			D1 D5

Contidos

Tema	
Bloque Temático 1: Conceptos básicos.	Obxectivos do Tema. A actividade económica e o crecemento económico. Crecemento e Desenvolvemento. Indicadores económicos.
Bloque Temático 2: Economía Mundial.	Obxectivos. Caracterización dos Países Desenvolvidos. Os elementos estruturais dos Países Desenvolvidos. Caracterización do subdesenvolvemento económico. Elementos estruturais dos países en vías de desenvolvemento. As teorías do subdesenvolvemento económico. O papel do comercio internacional e as estratexias de crecemento económico.
Bloque Temático 3: Economía Española.	Obxectivos do Tema. Crecemento económico e evolución da Economía Española.
Bloque Temático 4: Temas de actualidade.	Obxectivos do Tema. Analizar cuestións de actualidade da Economía Española e Mundial.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Debates	5	10	15
Sesión maxistral	26	19	45
Probas de resposta curta	4	41	45
Observación sistemática	5	10	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio forman parte das Actividades Básicas. En cada unha delas o alumnado realizará un exercicio no que deberá aprender a manexar información para o estudo da economía mundial e de España. Con ditos exercicios o estudantado aprenderá a organizar a información e a sintetizar os datos en indicadores relevantes (PIB, poboación, PIB per cápita, coeficiente de apertura, taxa de actividade, taxa de desemprego, gasto público, produtividade etc.). Iso esixirá a realización de cálculos (taxas de variación, números índice, actualización de variables monetarias, taxas de participación), a súa representación e análise. Tamén é posible a realización de outras actividades prácticas.
Debates	Neste Centro, proporáselle ao alumno un conxunto de lecturas. Cada lectura está relacionada con cada un dos temas do Programa. Posteriormente, haberá unha sesión presencial para o Debate aberto na aula ó redor dos contidos das lecturas propostas.
Sesión maxistral	As sesións maxistras forman parte das Actividades Básicas da Materia. En cada unha das sesións, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (a traveso da Plataforma de Docencia Virtual). Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma de Docencia Virtual. Neste Centro, recoméndase ao estudante acudir regularmente ás sesións prácticas, a través das cales se fará un seguimento personalizado dos resultados acadados nas diferentes probas de avaliación.
Debates	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (a traveso da Plataforma de Docencia Virtual). Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma de Docencia Virtual. Neste Centro, recoméndase ao estudante acudir regularmente ás sesións prácticas, a través das cales se fará un seguimento personalizado dos resultados acadados nas diferentes probas de avaliación.
Probas	Descrición
Probas de resposta curta	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (a traveso da Plataforma de Docencia Virtual). Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma de Docencia Virtual. Neste Centro, recoméndase ao estudante acudir regularmente ás sesións prácticas, a través das cales se fará un seguimento personalizado dos resultados acadados nas diferentes probas de avaliación.
Observación sistemática	As consultas personalizadas realizaranse tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (a traveso da Plataforma de Docencia Virtual). Con cada exercicio o alumno sempre poderá enviar as súas preguntas e dúbidas mediante unha utilidade desta plataforma informática. Cando as dúbidas sexan xeneralizadas, responderase colectivamente a todos os alumnos mediante o envío dun correo electrónico a traveso da Plataforma de Docencia Virtual. Neste Centro, recoméndase ao estudante acudir regularmente ás sesións prácticas, a través das cales se fará un seguimento personalizado dos resultados acadados nas diferentes probas de avaliación.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Probas de resposta curta	Incluirá a realización de probas de resposta curta escrita e orais, onde se avaliará o grao de aprendizaxe dos contidos de cada unha das actividades propostas ó longo do curso. Algunha proba poderá ter carácter eliminatorio do sistema de avaliación continua.	90	
Observación sistemática	Actitude persoal e disposición ó traballo que permitan valorar o nivel de seguimento do conxunto de actividades da materia (presenciais e non presenciais).	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia neste centro será preferentemente continua.

Para ser avaliado mediante o sistema de avaliación continuo é necesario que o alumno acade un rendemento satisfactorio mínimo en cada unha das probas realizadas. Estas probas poderán ser de diverso tipo (probas orais, resposta escrita). Cada ano, a traveso dos contidos do programa docente incluídos na Plataforma Tema, indicárase a cualificación mínima para continuar no sistema de avaliación continua.

Os alumnos que non sexan avaliados mediante o sistema de avaliación continuo (ou que non superaron satisfactoriamente este) poderán ser avaliados mediante un exame final. O exame final correspondente á primeira e segunda convocatoria seguirá o mesmo modelo e criterios de cualificación que o empregado nas "probas de resposta curta" empregados ó longo do sistema de avaliación continuo.

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin no examen final, figurarán nas actas como non presentados.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016. Neste centro, no caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, Ed. Thomson-Civitas, 2005,
Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Estructura económica mundial**, Síntesis, 2001,
Todaro, Michael P.; Stephen C. Smith: Harlow, **Economic development**, Pearson-Addison Wesley, 2006,
Jaime Requejo, **Economía Mundial**, ISBN:978-84-481-7533-7 (4ª edición),

DIRECCIÓN DA INTERNET SOBRE ECONOMÍA MUNDIAL E ESPAÑOLA:

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Políticas económicas/O04G020V01405

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/O04G020V01202

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Microeconomía/O04G020V01101

Historia: Historia económica/O04G020V01103

Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia, polo que se concibe de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do ano académico promovidos pola dinámica da clase ou pola relevancia das situacións que puideran xurdir. Así mesmo, aportaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
